

Expediente: CONVOCATORIA SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO
TRABALLADOR SOCIAL

Número: 2020/E001/000001

CADRO DE PUNTUACIÓNS

O Tribunal en sesión celebrada o 8 de xullo de 2020 valorou a as alegacións presentadas, adoptando as seguintes decisións:

PROBA TEÓRICA-

ALEGACIÓN PREGUNTA 2. *Na pregunta número 2 da proba teórica, dáse como correcta a opción sinalada como “c”. Solicito que se anule a mesma por estar mal plantexada, xa que nas opcións de resposta había dúas opcións coa mesma letra. A pesar de estar rectificando na plantilla que se expuxo no taboleiro de anuncios, nos exames que se entregaron aparecían dúas opcións coa mesma letra “c”. E para iso, adxunto unha fotografía da copia que nos facilitaron ao saír do exame.*

Por este motivo, solicito que se considere a anulación de dita pregunta (...)

Decídese por unanimidade estimar a alegación pois detéctase polo mesmo o erro formal alegado pola interesada.

ALEGACIÓN PREGUNTA 6.- Solicitase a anulación de dita pregunta, xa que, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no seu artigo 11 non sinala ningunha das opcións formuladas na pregunta 6 do test como funcións dos SS.SS. Comunitarios Básicos. Indícase textualmente o artigo 11 a continuación:

"1. Son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:

a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.

b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.

c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

d) A atención das situacións individuais, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso idóneo dentro do sistema galego de servizos sociais ou a outros sistemas de benestar ou a asistencia nos trámites necesarios para acceder a outros recursos.

e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.

f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

g) A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.

h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

2. As funcións dos servizos sociais comunitarios básicos previstas na línea anterior desenvolveranse regulamentariamente."

A pregunta e a opción de resposta proposta polo Tribunal e a que segue "6.-No marco do establecido no artigo 11 da Lei 13/2008, son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:

a) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que ac-túen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación

b) O mantemento actualizado do SIUSSGAL e ferramentas de información

c) Elaboración de Plans sociais de integración social municipais

d) Todas son funcións expresamente recollidas en dito artigo 11"

Decídese por unanimidade desestimar a alegación plantexada pois a resposta basease no artigo 11 da Lei 13/2008 que no seu apartado 2 sinala que "as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos previstas na línea anterior desenvolveranse

reglamentariamente” sendo correcta a resposta a) pois o desenrolo regulamenrtario faise no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento cuxo artigo 8 apartado j) fai referencia “A coordinación efectiva cos distintos sistemas de bienestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.”

ALEGACIÓN PREGUNTA 8: Solicítase o cambio á opción A) como correcta, xa que, durante os anos 60 o autor Félix Biestek acuñou o termo "participación emocional controlada" no seu libro 'Las relaciones de "casework"' no que a define como "A sensibilidade da profesional do traballo social para os sentimentos do cliente, a comprensión do seu significado e a súa resposta intencionada e apropiada a eses sentimentos" na que entran en xogo 3 elementos: sensibilidade, comprensión e resposta. Por todo isto, a única opción correcta sería a A).

A pregunta e a opción de resposta proposta polo Tribunal e a que segue “8.- *¿Qué é a participación emocional controlada?*”

a) Consiste na sensibilidade do/da traballador/a social hacia os sentimentos dos usuarios, unha comprensión do seu significado e unha resposta explícita e apropiada ós mesmos.

b) Refírese á necesidade que ten a persoa usuaria de obter unha resposta intelectual e emocional ao problema ou situación, o que implica tanto ideas como sentimentos.

c) A habilidade do/da profesional consiste en saber recoñecer e intuir qué tipo de resposta e/ou qué tipo de comunicación verbal ou non verbal precisa a persoa.

d) Todas son certas”

Decídese por unanimidade desestimar a alegación plantexada pois a maioría dos autores/as do traballo social falan e consideran acertadas as tres primeiras respostas respecto a participación emocional controlada (alo menos non as exclúen, sendo a d) a resposta acertada) así mesmo no Matiass-Xunta de Galicia dentro dos principios básicos do traballo social, sinala a d como resposta correcta.

ALEGACIÓN PREGUNTA 35: Solicítase o cambio á opción d) como correcta, xa que segundo indica a Sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños na definición da mesma "A sede electrónica é unha prolongación da oficina administrativa tradicional, dispoñible para que a cidadanía poida realizar os seus trámites as 24 horas dos 365 días do ano." E iso non coincide con ningunha das 3 primeiras opcións, sendo a D) Ningunha é correcta.

A pregunta e a opción de resposta proposta polo Tribunal e a que segue “35.- *Qué é unha sede electrónica municipal?*”

a) *Os municipios non teñen sedes electrónicas*

b) Unha dirección electrónica

c) *Outro nome da páxina web*

d) *Ningunha é correcta”*

Decídese por unanimidade desestimar a alegación plantexada pois o artigo 38 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sinala que “*a Sede electrónica é aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha Administración Pública, ou ben a un ou varios organismos públicos ou entidades de Dereito Público no exercicio das súas competencias. As sedes electrónicas dispoñerán de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias*”.

ALEGACIÓN PREGUNTA 2 DA RESERVA. Na segunda pregunta considerada como de reserva na proba teórica, preguntase polo Catálogo de Servizos Sociais, ao que fai referencia o artigo número 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e neste mesmo artigo ven a detallar o seguinte:

“ O Catálogo de servizos sociais está integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións que a continuación se relacionan:

a) Intervencións ou servizos de carácter técnico-profesional.

b) Servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica.

c)

Por este motivo, solicito que se considere como correcta a opción “c”, xa que tanto opción “a” como a “b” forman parte do Catálogo de Servizos Sociais.

A pregunta e a opción de resposta proposta polo Tribunal e a que segue “O Catálogo de Servizos Sociais está integrado por:

a) Intervencións ou servizos de carácter técnico profesional

b) Servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica

c) Todas son certas

d) Todas son falsas”

Decídese por unanimidade estimar a alegación, pois revisado o artigo 18 da Lei 13/2008, é preciso concluír que a opción correcta é a resposta c) Todas son certas.

PROBA PRÁCTICA.

ALEGACIÓN PREGUNTA 8. Solicítase a anulación desta pregunta, xa que non se especifica o recurso para o cal hai que calcular a capacidade económica do usuario, xa que, por exemplo, é posible tramitar un saf por libre concorrencia, na que o cálculo de capacidade é de todos os membros da familia, segundo o Decreto 99/2012.

A pregunta e a opción de resposta proposta polo Tribunal e a que segue “8.-Tendo en conta que, na unidade familiar de Manuel, ademais da súa pensión , traballan 2 persoas máis, ¿ que ingresos se terían en conta para calcular a capacidade económica do usuario?

a) Solo a pensión do usuario

b) A pensión do usuario e o seu patrimonio si é o caso, máis os ingresos da súa filla Marta dividido por 1,5

c) Todos os ingresos da unidade económica

d) A pensión do usuario e o complemento de Grande Invalidez e o patrimonio nunha porcentaxe dun 3% ”

Decídese por unanimidade desestimar a alegación plantexada pois sendo certo que no enunciado do caso práctico fala de que Manuel atópase nunha situación de dependencia sen ter recoñecido o grao na actualidade, na parte última do enunciado indica o interese de María por percibir a prestación de cuidados no entorno.

A pregunta 6 e 7 do caso práctico fan claramente referencia ós trámites relacionados co recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema. De feito na pregunta 7 fala dun recoñecemento de dependencia de grao 1 polo que na pregunta 8 é mais que evidente que a capacidade económica a que se refire fala do sistema de dependencia tendo en conta ademais que as preguntas seguintes, 9 e 10 seguen a estar relacionadas co mesmo tema. Polo que entendemos que está claro que o recurso de que estamos a falar inclúese dentro do sistema de dependencia.

ALEGACIÓN PREGUNTA 2 DA RESERVA. Na segunda pregunta considerada como de reserva na proba práctica, unha das opcións, a que ten asignada a letra “b”, non está correctamente desenrolada xa que aparecen unha serie de números continuos que se supón que refiren ao Real Decreto 357/1991 do 15 de marzo, pero por non estar ben escrita dá pé a pensar que non é unha das opcións correctas.

Por ese motivo, solicito que se considere a anulación de dita pregunta por dar lugar a erros.

Decídese por unanimidade estimar a alegación pois detéctase polo mesmo o erro formal alegado pola interesada.

Tendo en conta as alegacións estimadas a puntuación dos aspirantes na fase de oposición é a seguinte:

	Proba teórica	Proba práctica	Total
Beatriz Antiqueira Pérez	4.125	4.000	8.125
Lorena Bouza Piñón			NP
María José Bujía Rivas			NP
Lara Cabaleiro Rodríguez	8.125	7.500	15.625
Oscar Cabana González			NP
Mónica Canedo Janeiro			NP
María Mercedes Carnero Bellón	5	0.500	5.500
Ana María Casais Caamaño			NP
Natalia Doval Álvarez	6,000	1.500	7.500
Estefanía Elexpuru Boullosa	3.000	2.000	5.000

Teresa Elvira Muñiz			NP
Beatriz Marina Figueira Álvarez	2,375	1.500	3.875
Iria Gonzalez Fafian	4.500	4.000	8.500
Cristina Gonzalez López			NP
Paula Hernando Martínez			NP
Patricia Horjales Martínez	4.500	3.500	8.000
Paula Insua Trillo			NP
Lorena López Vilar	5.875	3.500	9.375
Berta Louro Ramón	9.250	3.500	12.750
Jorge Martinez Morato			NP
Clara Méndez Castiñeira			NP
María Azucena Moreira Miranda	5.750	5.000	10.750
Silvia Pan Rodríguez			NP
Andrea Pazos Baña			NP
María Dolores Pazo Franqueira			NP
Ana Pérez Tenreiro	4.500	0	4.500
Alicia Rama García	5.500	3.500	9
Nuria Rey Radio			NP
Graciela Rivas Nogueira			NP
Oscar José Rodriguez López			NP
Diana Rodríguez Rama	6.000	4.500	10.500
Natalia Rodríguez Viqueira	4.875	0.500	5.375
Cristina Santos Díaz	4.875	5.000	9.875
	2.500	0	2.500
María Nieves Suárez Martínez			
Ledicia Suarez Rodríguez			NP
María Belén Tajés Suárez			NP

NP= Non Presentado.

Atendendo as bases, segundo as cales a primeira parte terá una puntuación de 10,00 puntos e a segunda parte igualmente unha puntuación de 10,00. Para considerar superado o exercicio será preciso obter un mínimo de 10,00 sobre un total de 20,00 no conxunto do exercicio, debendo acadar un mínimo de 5 puntos na parte I e tamén de 5,00 na parte II.

A puntuación final dos aspirantes virá determinada pola suma da puntuación outorgada na fase de concurso e na fase de oposición, e será a que segue:

	Fase concurso	Fase oposición	Total
Beatriz Antigueira Pérez	5 puntos	8.125	13.125
Lorena Bouza Piñón	3,82 puntos	NP	NP
María José Bujía Rivas	0 puntos	NP	NP
Lara Cabaleiro Rodríguez	5 puntos	15.625	20.625

Oscar Cabana González	0,96 puntos	NP	NP
Mónica Canedo Janeiro	5 puntos	NP	NP
María Mercedes Carnero Bellón	5 puntos	5.500	10.500
Ana María Casais Caamaño	0 puntos	NP	NP
Natalia Doval Álvarez	5 puntos	7.500	12.500
Estefanía Elexpuru Boullosa	0 puntos	5.000	5.000
Teresa Elvira Muñiz	2,95 puntos	NP	NP
Beatriz Marina Figueira Álvarez	5 puntos	3.875	8.875
Iria Gonzalez Fafian	1,08 puntos	8.500	9.580
Cristina Gonzalez López	3,10 puntos	NP	NP
Paula Hernando Martínez	0 puntos	NP	NP
Patricia Horjales Martínez	0 puntos	8.000	8.000
Paula Insua Trillo	0 puntos	NP	NP
Lorena López Vilar	5 puntos	9.375	14.375
Berta Louro Ramón	5 puntos	12.750	17.750
Jorge Martinez Morato	0 puntos	NP	NP
Clara Méndez Castiñeira	0,20 puntos	NP	NP
María Azucena Moreira Miranda	5 puntos	10.750	15.750
Silvia Pan Rodríguez	5 puntos	NP	NP
Andrea Pazos Baña	2,94 puntos	NP	NP
María Dolores Pazo Franqueira	3,95 puntos	NP	NP
Ana Pérez Tenreiro	5 puntos	4.500	9.500
Alicia Rama García	0,91 puntos	9	9.910
Nuria Rey Radio	5 puntos	NP	NP
Graciela Rivas Nogueira	0 puntos	NP	NP
Oscar José Rodriguez López	5 puntos	NP	NP
Diana Rodríguez Rama	0,91 puntos	10.500	11.410
Natalia Rodríguez Viqueira	5 puntos	5.375	10.375
Cristina Santos Díaz	1,91 puntos	9.875	11.785
	0 puntos	2.500	2.500
María Nieves Suárez Martínez			
Ledicia Suarez Rodríguez	0 puntos	NP	NP
María Belén Tajés Suárez	5 puntos	NP	NP

A vista do anterior, os/as candidatos/as que cumpren cos requisitos para formar parte da bolsa de traballo, son os que sinala o seguinte cadro, no orden que aparecen no mesmo:

	Fase concurso	Fase oposición	Total
Lara Cabaleiro Rodríguez	5 puntos	15.625	20.625
María Azucena Moreira Miranda	5 puntos	10.750	15.750

Asinan dixitalmente a Presidenta do Tribunal, dona Margarita María Docanto Alonso, e a Secretaria, dona Eva Jardón López, na data que figura ao marxe.